



ROSALÍA DE CASTRO

Naceu en Santiago en 1837, filla dunha fidalga solteira e dun sacerdote, e parece que pasou os primeiros anos en Ortoño coa familia paterna e en Padrón coa nai. Aos cinco anos está censada coa ela nesta vila e con ela vive cando adolescente en Compostela, onde estudou música, debuxo, literatura e francés na Sociedad Económica de Amigos del País. Frecuentou nestes anos de mocidade compostelá o Liceo de la Juventud, onde coñeceu a Aurelio Aguirre e a Pondal. A súa vocación teatral quedou reflectida na súa actuación como actriz polo menos en dúas obras. Nesta cidade Rosalía é testemuña da terrible fame e do

andazo de cólera de 1853-54 e vivirá o fervor revolucionario deses anos. En 1856 Rosalía marchou a Madrid. Descoñecemos os motivos. Buscando éxito como escritora? Como actriz? Alí coñeceu a Manuel Murguía, recoñecido historiador e periodista, con quen casou no 1858 e con quen viviu unha vida itinerante e chea de dificultades económicas. En Castela Rosalía escribiu os seus primeiros poemas en galego. Comezaba a década dos 60, que desembocou na Revolución do 68, un período de grande efervescencia intelectual e política. Rosalía e Murguía formaban parte desa corrente federalista e republicana que aspiraba a un novo modelo político en que a causa galeguista tería cabida, que soñaba con ideais do socialismo utópico: liberdade relixiosa, libre comercio, sufraxio universal... Neste ambiente de ilusión e esperanza no futuro, Rosalía escribiu os **Cantares gallegos**, cuxa publicación, en 1863, marcou o inicio do Rexurdimento. Rosalía era por entón unha escritora profesional que colaboraba con regularidade en diversas publicacións, mentres atendía ás obrigas familiares que a levaron a residir unhas veces en Castela (Madrid e Simancas) e outras en Galiza (Lugo, Compostela, A Coruña, Padrón...), onde ficará definitivamente na década dos 70. Mais o fracaso da Revolución do 68 e a Restauración Borbónica acabaron coa esperanza no futuro. Sa ilusión pasou ao desengano, agravado polas dificultades económicas derivadas do cambio político e polas discrepancias e disputas entre Murguía e Lamas, entre o galeguismo progresista e o galeguismo conservador. As consecuencias destas liortas pagounas Rosalía, pois ficou sen posibilidades de colaborar na prensa galega. A partir de 1870, ano en que Murguía ocupou o cargo de Xefe do Arquivo Xeral de Galicia, Rosalía xa non volveu abandonar a Terra. A máis relevante escritora das nosas letras tivo que publicar o seu derradeiro poemario galego, **Follas Novas** (1880), na Habana e Madrid. O desencanto e a amargura ditaron as "Dúas palabras da autora" con que se abre este poemario, en que a muller galega, os nenos, os vellos e todos os desposuídos encontraron a súa voz propia. O cancro acabou coa vida de Rosalía en Padrón en 1885, non sen que antes deixara unha importantísima obra en español, poética (**En las orillas del Sar**) e narrativa (**El primer loco**, **Ruinas**, **El caballero de las botas azules**...), aínda non ben valorada. Consérvase un fragmento dunha obra de teatro en castelán, **Romana**. Os restos da nosa máis insigne escritora repousan no Panteón de Galegos Ilustres, en San Domingos de Bonaval (Compostela). O acceso público aos mesmos está, desde uns anos, limitado.

En Rosalía encontramos unha **muller forte**, decidida, moi consciente das dificultades que para unha muller do s. XIX supuña o **oficio de escritora** nunha sociedade na que o labor intelectual estaba reservado aos homes (moitas entón asinaban con nome masculino).

Destaca na súa obra a **súa actitude crítica e consciente dos problemas sociais** e unha **defensa dos máis débiles**:

- Defensa da cultura, da lingua, da tradición e da identidade galega.
- Identificación cos sufrimentos e aspiracións das clases populares, especialmente coas mulleres labregas.
- Denuncia de inxustizas, insultos, incompreensións e abusos cometidos con Galiza e cos galegos.
- Reivindicación dos dereitos da muller, comezando polo propio dereito a escribir, a ser "literata".




E Rosalía asume eses compromisos empregando a lingua marxinada secularmente, a lingua desprestixiada que usaban os moitos veces analfabetos, auténticos protagonistas e destinatarios da maioría dos seus versos.

CANTARES GALLEGOS (1863)

1863 é o da publicación de CG, obra singular na nosa historia literaria, pois **inicia o Rexurdimento**:

- primeiro libro impreso escrito integramente en galego.
- supera en calidade aos dos Precusores: é unha das obras de maior calidade da nosa literatura.
- a autora é a única escritora galega do séc. XIX.
- Mestura post-romanticismo (sentido e nunca evasivo) e realismo.



O 17 de maio de 1863 asina Rosalía a **dedicatoria** da obra á escritora Fernán Caballero. No centenario da súa publicación, a RAG consagrou o 17 de Maio á celebración do **Día das Letras Galegas**, dedicadas a Rosalía na súa primeira edición.

INTENCIONS

Rosalía no "Prólogo" de *Cantares gallegos*, concreta os motivos que a impulsaron á publicación do libro:

- **reivindicar** a validez do idioma "para todo tipo de versificación"
- **denunciar** o maltrato e a marxinación de Galicia e dos galegos
- **combater** prexuízos e a negativa imaxe de Galicia

ESTRUTURA

Cantares gallegos ten estrutura cerrada:

- **Abre o libro** (introdución) un poema onde alguén invita a unha rapaza (Rosa) para que "cante":

*Has de cantar, / que che hei de dar zonchos,
has de cantar, / que che hei de dar moitos...
nas portas dos ricos, / nas portas dos pobres,
que aquestes cantares / a todos responden.*



A rapaza acepta a invitación e comeza o canto que se converte nunha clara **exaltación** da paisaxe, costumes, lingua... de Galicia, sen restrinxirse a ningún grupo social, nin por idade nin por posición económica:

Buscaime, rapazas, / velliñas, mocións...

- **Fecha o libro** (despedida) un poema onde a "meníña gaiteira" se despide citando dous elementos fundamentais no libro, o canto e o pranto, así como a súa intención patriótica:

*Non me espriquei cal quixera / pois son de espricansa pouca;
si grasia en cantar non teño / o amor a patria me afoga.*

Entre ambos poemas, inclúense **34 composicións** de temática variada, que comezan cunha **copla popular**, que, dalgunha forma, provoca o tema da composición.

TEMAS

CG preséntasenos como un libro de temas diversos ao servizo da dignificación patriótica que Rosalía pretende. Os seus poemas pódense agrupar en **catro grupos temáticos**:

1.-POEMAS AMOROSOS ("Cantan os galos pra o día", "Quixente tanto, meniña") O amor exprésase en contacto cunha natureza apracible, marco para amores felices ou desgraciados, fracasados.

-Meiguiño, meiguiño, miego, /meigo que me namoraste,
vaite de onda min, meiguiño, /antes que o sol se levante.

2.- POEMAS COSTUMISTAS. Neles Rosalía realiza unha exaltación de costumes, festas, tradicións e personaxes populares coa clara intención de demostrar que son manifestacións culturais con dignidade e cunha función dentro da colectividade que as creou e que as usa para a súa diversión. ("Un repoludo gaiteiro", "Nosa Señora da Barca"...)

*Un repoludo gaiteiro, /de pano sedán vestido,
como un príncipe cumprido, /cariñoso e falangueiro,
antre os mozos o primeiro /e nas cidades sin par,
tiña costume en cantar /aló pola mañanciña:
-Con esta miña gaitiña /ás nenas hei de enganar*

Os temas costumistas, non obstante, poden ter en Rosalía unha segunda lectura, como sucede en "San Antonio bendito". Detrás da copla popular: *San Antonio bendito/ dádeme un home/ anque me mate/ anque me esfole* atopamos unha moza con necesidades económicas.

3.- POEMAS INTIMISTAS. Na maioría dos poemas o suxeito lírico é "a meniña gaiteira" ou algún outro personaxe do seu entorno, pero hai algúns en que ese **suxeito lírico é a propia autora**. Son poemas máis tristes e nostálgicos, nos que comeza a perfilarse a Rosalía intimista que encontraremos en *Follas Novas*. ("Campanas de Bastabales", "Como chove miudiño"...).

*Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.*

*Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.*

*Cando de lonxe vos oio
penso que por min chamades
e das entrañas me doio.*

*Dóime de dór ferida,
que antes tiña vida enteira
e hoxe teño media vida*



4.- POEMAS SOCIAIS E PATRIÓTICOS. Neste grupo podemos incluír:

• **Poemas escritos desde o eu lírico da propia Rosalía**, como "A gaita gallega", resposta a un poema do poeta español Ruiz Aguilera, onde se preguntaba se a gaita galega chora ou canta..



*Galicia, ti non tes patria, / ti vives no mundo soia,
í a prole fecunda túa / se espalla en errantes hordas,
mentras triste e solitaria / tendida na verde alfombra
ó mar esperanzas pides, /de Dios a esperanza imploras.
Por eso anque en son de festa / alegre á gaitiña se oia, /
eu podo dicirte: / non canta, que chora.*



• **Poemas postos en boca doutras persoas**, como "Castellanos de Castilla". Parte, como sempre, dunha copla popular



*Castellanos de Castilla,
tratade ben aos gallegos,
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros.*

(Unha muller, desde a dor pola morte do home, realiza un durísimo ataque contra a emigración e a explotación de Galicia)

PODEN MESTURARSE OS TEMAS. En "Adiós, ríos; adiós, fontes", o tema reivindicativo se presenta diluído entre aspectos de tipo sentimental e folclórico.

FOLLAS NOVAS (1880)

Cantares gallegos e **Follas novas** conteñen diferenzas notables. No "Prólogo" de **FN** explicanos que **CG** reflicte a "*frescura propia da vida que comenza*". Libro, pois, de esperanza fronte a este outro "*escrito en medio de tódolos desterrados*", "*envolto antre as nubes do postreiro outono*", e cuxos versos "*espresan as tribulacións dos que, uns tras outros, e de distintos modos, vin durante largo tempo sufrir ó meu arredor. E sófrese tanto nesta querida terra gallega!*".

Unha visión moito **máis angustiada** nos aspectos individuais, e **máis pesimista** na análise da realidade social, impregna o conxunto do libro. Os motivos do cambio poden ser múltiples:

- **Motivacións persoais:** problemas de saúde, cansazo anímico e esgotamento ante a incompreensión coa que a súa obra foi acoillida por certo sector do galeguismo.
- **Motivacións sociais:** O desencanto e pesimismo pola falta de solucións aos problemas de Galicia dos gobernos revolucionarios (nos que Rosalía depositara esperanzas) tras a caída de Isabel II (na década de 1870 aumentou a emigración e atinxiu a moitos nenos de doce anos).

Estrutura e temas

Follas novas está dividido en cinco partes:

- 1) **Vaguedás**
- 2) **Do íntimo!**
- 3) **Varia**
- 4) **Da terra**
- 5) **As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos**

No prólogo "Dúas palabras da autora" di Rosalía:

"Escritos no deserto de Castilla, pensados e sentidos nas soidades da natureza e do meu corazón, fillos cativos das horas de enfermidade e de ausencias, refrexan, (...) o estado do meu espírito unhas veces; outras, a miña natural disposición (que non en balde son muller) a sentir como propias as penas alleas".

Como di, na obra hai **dous bloques temáticos** fundamentais:

- **Poesía intimista, metafísica, solitaria** (poesía do "EU") ► As dúas primeiras partes do libro.
- **Poesía social, colectiva, solidaria** (poesía de "NÓS") ► As partes 4ª e 5ª.
- A 3ª parte ("Varia") é unha **transición** entre ambos os bloques.

Intimismo, dor e saudade


A poesía intimista de *Follas novas* está constituída por unha serie de poemas nos que a autora **se interna nos recunchos secretos da existencia humana**, nas súas ansias, nos seus medos e contradicións, ofrecéndonos unha visión moito máis profunda cá dos poetas románticos. Rosalía adiantase ás correntes filosóficas existencialistas do s. XX. O insólito é que o fixera unha muller e nunha lingua desprezada.

Rosalía interrógase a si mesma polo **sentido da vida e da morte**. O seu é un mundo de **angustias**, de **soidade**, o do ser humano fronte a un **destino** cuxo significado descoñece

O ser humano séntese radicalmente só, sen amor; mesmo chega a ter **nostalxia da dor**, que está vista como algo necesario na existencia ("*Unha vez tiver un cravo*"). Aquí é onde nace o concepto de **saudade**, como unha vivencia interna da soidade absoluta do ser. Fronte á morriña (que sempre ten un referente: terra, amigos, familia...) a saudade é o **baleiro total**, a tristeza provocada polo simple feito de vivir. ("*Algúns din: ¡miña terra!*").

Presenta unha **visión desolada da vida** cun **Deus moi distante**, que non inflúe na vida humana. Fai reflexións sobre a insolidariedade humana, o paso do tempo, a perda das ilusións...

Consecuencia desta visión desalentada é o **desexo da morte** e mesmo a presenza do **suicidio**, se ben este pode deberse tanto ao desacougo persoal como ao abandono social ("*Soia*").



A solidariedade e a denuncia

*"... iñoira o que haxa no meu libro dos propios pesares ou dos alleos, anque ben podo telos todos por meus..." (Prólogo de **Follas Novas**)*

A poeta ollá o seu entorno e pon a súa **pluma ao servizo dos débiles**, dos desherdados, dos expulsados da Terra polo mal endémico da emigración, visto por ela como unha auténtica aniquilación do país, cando, desde sectores democráticos e progresistas, se defendía como un "dereito".

O drama migratorio abórdase en **FN** desde dúas perspectivas:

- **A dos homes**, que, embargados os seus bens e desafiuizados, se lanzan á aventura sen esperanzas de regreso:
¡Van a deixa-la patria...! / (...)
A miseria está negra en torno deles, / ¡Ai! ¡adiante está o abismo...!
- **A das mulleres** ("Viúdas de vivos e viúdas de mortos"), das que a propia Rosalía nos di: *"...e así, abandonadas, chorando o seu desamparo, pasan amarga vida antre as incertidumbres da esperanza, a negrura da soidade í as angustias dunha perene miseria"*. Constrúe Rosalía unha epopea popular que ten por protagonistas a estas "**valerosas heroínas**" que admira.

Mais non é só o tema da emigración o único que aparece en **Follas novas**. Aparece outro moi importante que é a **hipocrisía** social, representada pola Igrexa e polos "grandes da terra" ("Tempra un neno no húmido pórtico") ou a función social do **matrimonio** e o seu carácter opresivo para a muller ("Decides que o matrimonio").

Os poemas convértese nunha **denuncia** de "aquéis que ten fama de honrados na vila" e que coas súas leis provocan a miseria de todo un pobo. Nalgúns poemas a **resignación** asúmese como única saída ("¿Por que?"), pero noutros atópase a **vinganza** como saída individual ("A xustiza pola man").

Conto gallego

O Rexurdimento é fundamentalmente poético. A importancia da prosa foi moito menor. Rosalía, non obstante, deixounos tres textos en prosa: os dous prólogos ás obras poéticas e "Contos da miña terra" (1864). No conto dous homes apostan sobre se un deles consegue dunha muller palabra de casamento o mesmo día en que esta enterra ao seu home. O relato mostra a concepción maniquea que estes dous homes teñen da muller: esposa e nai modélica ou muller frívola e libertina. Para escándalo das autoridades relixiosas da época, a protagonista do conto é o segundo. Rosalía parte dun conto popular misóxino, pero dálle unha nova dimensión: a viúva é vítima de desvalemento e miseria polas regulamentacións legais discriminatorias ("Se antes fun rica e casada, agora son viúda e probe"). A imaxe negativa da muller vén condicionada polas leis inxustas do home. Rosalía emprega a mesma estratexia que en **Cantares gallegos** ("San Antonio bendito").

LINGUA E ESTILO

Rosalía emprega o **galego falado polo pobo na comarca de Santiago-Padrón**, espontáneo e coloquial, con sintaxe sinxela e un léxico onde non faltan dialectalismos (seseo), vulgarismos e castelanismos. Ela mesma di que escribe un galego sen gramática. Os recursos estilísticos son de inspiración popular: repeticións (anáforas, paralelismos...), símiles, antíteses...

Na **métrica** de **CG** predominan a rimas asonantes, a arte menor e as estrofas populares (romance, muíñeira...); máis tamén as hai de procedencia culta (décima, oitava real).

En **Follas Novas** hai unha grande innovación, pois Rosalía opta por versos de arte maior e novas combinacións métricas que se anticipan á renovación que, anos máis tarde, levarán a cabo os modernistas.

O MITO ROSALÍA

En vida, Rosalía tivo que soportar duros ataques e incompreensións. Morta Rosalía, a súa figura foi trocándose nun mito que terxiversou o sentido da súa obra e a súa personalidade. Nisto tivo moito que ver a igrexa oficial, quen lle mostrou hostilidade en vida e mesmo morta, pero que cando viu a súa crecente e imparable popularidade, iniciou un eficaz proceso de asimilación da súa figura. A esta manipulación non foi alleo o galeguismo católico, que tiña dificultades para asimilar certas ideas de **Follas novas**. De aí proveñen os apelativos "nai chorosa" ou "santiña" cos que se ten denominado a Rosalía, alterando substancialmente o seu perfil persoal e literario. Os seguintes textos de Murguía e da propia Rosalía falan do seu carácter forte e intenso:

"Se houbo alguén que nos momentos de desgraza se ergueu altivo como un heroe que antes de caer vencido intenta levantarse e loitar aínda, era ela. No seu sangue circulaba, nas súas carnes latexaba algo de indómito e superior". (Murguía)

"Eu, pola miña banda, engadirei que son vella para recibir leccións de ningún mestre de escola, e, polo tanto, que me ateo ao que a miña decencia me dita, que nisto é o mellor xuíz que puiden achar..." (Rosalía)



Silencio!

*A man nerviosa e palpitante o seo,
as niebras nos meus ollos condensadas,
con un mundo de dudas nos sentidos
i un mundo de tormentos nas entrañas,
sentindo cómo loitan
en sin igual batalla
inmortales deseos que atormentan
e rencores que matan,
mollo na propia sangre a dura pruma
rompendo a vena hinchada,
¡escribo..., escribo..., ¿para qué? ¡Volvede
ó máis fondo da ialma,
tempestosas imaxes!
¡Ide a morar cas mortas lembranzas!
¡Que a man tembroza no papel só escriba
palabras, e palabras, e palabras!
Da idea a forma inmaculada e pura
¿dónde quedou velada?*